

MOCIÓN DE A.E.R. SOBRE VALORES CATASTRAIS

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Vista a moción presentada polo grupo municipal AER que se transcribe a continuación: “No seu momento, co crecemento económico e a especulación urbanística, os prezos do chan e da vivenda experimentaron un grandísimo incremento do seu valor, polo que se procedeu á revisión do valor catastral para adecualo ao valor de mercado.

Agora, pasada a febre especulativa, con milleiros de persoas desafiuzadas, e unha situación de mal chamada crise (e dicimos mal chamada porque non se trata dunha crise, senón dunha estafa mediante a cal os de sempre se enriqueceron e enriquecen máis ca nunca, e os de sempre se empobrecen máis ca nunca, ata o punto de perder dereitos que, sendo constitucionalmente recoñecidos, son desprezados); pois ben, nas actuais circunstancias en que tanto os prezos da vivenda coma do solo teñen experimentado unha importante regresión, entendemos que do mesmo xeito que se revisaron valores á alza, cómpre reducilos á baixa.

Polo anteriormente exposto propoñemos o seguinte ACORDO:

Que se reúna de maneira urxente a comisión de economía e facenda para estudar a situación actual dos valores catastrais e proceder a unha proposta axeitada aos tempos actuais.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou a moción nos antecedentes transcrita.